

# PROGRAMACIÓN AULA DA NATUREZA

## Tódolos Públicos e Público Adulto



Concello  
de AMES

### Tódolos Públicos

FEBREIRO

#### **DÍA 12. SAIDA AMBIENTAL: BOSQUE DE INVERNO.**

Percorrido dende Bertamiráns ata o alto do San Marcos a través das Sendas Val dos Pasos e Riamontes. Ruta guiada de posta en valor dos elementos naturais e a paisaxe do val dos Pasos. Inicio actividade.- autobús: 09:30 casa da cultura do Milladoiro. 09:45 punto de encontro: na Praza do Concello en Bertamiráns. Fin da Actividade: 14:00 autobús dende o San Marcos con destino Bertamiráns e Milladoiro

MAIO

#### **EXPOSICIÓN INTERACTIVA DE PLANTAS MEDICINAIS.**

Elaborarase un programa específico para esta actividade.

#### **PERCORRIDO BOTÁNICO PARA O RECOÑECEMEN TO DAS PLANTAS MEDICINAIS.**

### Público Adulto

MARZO

#### **CURSIÑO DE APICULTURA**

Sábado 26: de 10 a 14 e de 16 a 20 h.  
Domingo 27: de 10 a 14 h.  
Imparte Asociación Galega de Apicultura

MARZO

#### **CURSIÑO DE PODA**

12, 26 de febreiro e 5 e 12 de marzo.  
Imparte Afonso Touceda.

MARZO

#### **SAIDA ORNITOLÓXICA**

Elaborarase un programa específico para esta actividade.  
Obradoiro de elaboración e colocación de caixas niños.

XUÑO

#### **SAIDA AMBIENTAL ÁS FRAGAS DE CATASÓS E VISITA AO MUSEO ETNOGRÁFICO "CASA DO PATRÓN"**

Inicio actividade.- autobús: 09:30 Praza do Concello en Bertamiráns. 09:45 casa da cultura do Milladoiro.  
Fin da Actividade: 18:00 autobús desde o San Marcos con destino Bertamiráns e Milladoiro. Levamos a comida da casa.

MAIO

#### **CURSIÑO DE CONSERVACIÓN DE FROITAS E HORTALIZAS**

Elaborarase un programa específico para esta actividade.

ABRIL

#### **RUTAS AMBIENTAIS NOS ANCARES**

Opcional un día ou dous marcando a opción correspondente na ficha de inscrición. O aloxamento e manutención estará a cargo dos participantes.

Día 23. Ruta tres Bispos e bosque de acivros. Saida ás 8:00 da Praza do Concello e 08:15 da casa da cultura do Milladoiro. Regreso entorno ás 21:00.

Días 23 e 24. Ruta tres Bispos e bosque de acivros + Bosque dos Cabaniños e Piornedo. Saida o día 23 ás 8:00 da Praza do Concello e 08:15 da casa da cultura do Milladoiro, Regreso entorno ás 18:00 h.

NA AULA DA NATUREZA

# PRI

# MA

# VE

# RA 22

TER  
TE  
RES



Concello  
de AMES

# PROGRAMACIÓN AULA DA NATUREZA Infantil e Xuvenil

FEBREIRO

## INVERNO DE CHOCOLATE

Programa dirixido ao público infantil (6 - 12 anos) que se desenvolverá na Aula de Natureza en horario de 11 a 18 h. Conta con servizo de autobús. Inscripción previa enviando ficha de inscrición ao correo [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal). 25 prazas.

**Día 5. Festa da luz**

O día dous de febreiro celébrase desde tempos inmemoriais a festa da luz o das candeas (candelaria). Marca o comenzo do despertar da natureza, o día gáñalle horas à noite e comenza o movemento da sabia. Isto merece unha festa por todo o alto, faremos farolillos seguindo a tradición e coñeceremos os ritmos da natureza.

**Día 19. Decoración natural de máscaras**

Paus, palla, landras, ourizos, casca, herbas ... unha enorme variedade de material natural servirannos para crear as máscaras "somos de monte" coas que realizaremos un sket de concienciación do mal uso de materias non reciclables.

**Día 26. Cociña de entroido.**

As portas do entroido aprendemos a facer filloas e orellas para manter as nosas tradicións e a elaboración de doces con produtos locais.

MARZO

## SÉGUELLE A PISTA

Programa dirixido a público infantil e xuvenil (8 - 16 anos) que se desenvolverá na Aula de Natureza en horario de 11 a 18 h. Conta con servizo de autobús. Inscripción previa enviando ficha de inscrición ao correo [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal). 25 prazas.

**Día 5. Obradoiro de pegadas.**

Co fin de familiarizarnos co seguimento de rastros, realizaremos sobre unha reprodución das pegadas dos mamíferos mais frecuentes no noso concello.

**Día 12. Saída de rastrexo diúrno**

Realizaremos un percorrido tentando localizar calquer indicio a presenza de animais na zona e trataremos de identificar a quen pertence oese rastro. Asó veremos de localizar, pegadas, letrinas, plumas, pelos...

MAIO

## FESTA DOS MAIOS

Actividade dirixida a público infantil e xuvenil (6 - 16 anos) que se desenvolverá na Aula de Natureza en horario de 11 a 18 h. Conta con servizo de autobús. Inscripción previa enviando ficha de inscrición ao correo [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal). 40 prazas.

**Día 7. Aprimeira hora haberá un reparto de tarefas: recolección de material vexetal; preparación da estrutura do maio,** elaboración de grilandas de flores e ovos. Unha vez teñamos as pezas comezaremos a formación dos maios e, cando o maio este listo, e gozar da festa.

MAIO

## CONTACTO NATURAL

Dirixida a público de bebés de 0 a 2 anos e que se desenvolverá no Parque do río Ameneiral en horario de 12 a 13:30 h.

**Día 14. Actividade ao aire libre** na que os bebés estarán en contacto con elementos naturais, sentirán o tacto da herba, da madeira, das pedras, da auga... e descubrirán sons naturais e aromas de plantas, de terra, de flores...

ABRIL

## EQUIN - OCIO. CAMPAMENTO DE NATUREZA

Programa dirixido a público infantil e xuvenil (6 - 16 anos) que se desenvolverá na Aula de Natureza en horario de 11 a 18 h. Conta con servizo de autobús. Inscripción previa enviando ficha de inscrición ao correo [auladanatureza@concellodeames.gal](mailto:auladanatureza@concellodeames.gal). 25 prazas.

**Días 11, 12 e 13 de abril**

Durante tres días realizaremos actividade tanto ambientais como de ocio baseadas na comprensión e desfrute da natureza.

NA AULA DA NATUREZA  
**PRI  
MA  
VE  
RA<sup>22</sup>**

TER  
TE  
RES